Ola! Benvido/a ao novo curso!

Nesta mensaxe imos explicarche as pretensións e funcionamento da guía de Francés II. Intentaremos facelo con claridade.

Obxectivos

Ao remate deste curso, serás quen de ler e entender documentos escritos de distinto tipo (periodísticos, literarios) sobre temas de actualidade.
Vas aprender a expresar por escrito información, sentimentos, e opinións sobre os temas que che proporemos. Poderás argumentar e valorar opinións propias e alleas.
Tamén deberás ser quen de escoitar unha audición e entendela.

Temas

Aquí tes unha listaxe dos grandes temas que imos tratar. A orde será precisada na axenda de cada quincena:

- Accións da vida cotiá.
- Os medios de comunicación.
- A cultura e o lecer.
- Os estudos.
- Os sentimentos.
- A ciencia e a ética, a saúde.
- As relacións sociais e a xustiza social.
- A " Francophonie ".
- As institucións europeas.
- A conservación e protección da natureza e do medio ambiente.

Xunto con esta mensaxe vas recibir un arquivo chamado "Proxecto Educativo". Nel atoparás un conxunto de cancións coa súa letra. Non contén exercicio ningún, pero escoitar cancións francesas pode ser unha maneira agradable de traballar a túa capacidade de comprensión e a túa pronuncia. Podes mesmo usalo como karaoke.

Estrutura

O curso consta de 3 avaliacións. Cada avaliación está dividida en 4 quincenas ou unidades. Recibirás todo o material necesario para traballar cada unha delas.
Cada quince días deberás enviar ao titor/a un exercicio escrito, tipo redacción, no que poderás expresar as informacións, ideas e opinións que teñas en relación co tema traballado. Todas as demais actividades serán autoavaliables.

O material estará organizado de igual maneira en todas as unidades e chegarache sempre nas mesmas datas (agás na primeira quincena, na que recibirás a axenda, os obxectivos e os documentos descargables o 2º día):

1º día: Axenda, obxectivos da unidade e documentos descargables.
A axenda é unha guía de traballo que conterá consellos e instrucións para organizarte.
Os obxectivos son curtos e sinxelos. Non deixes de lelos, porque che darán a idea central da unidade.

Nos documentos descargables atoparás a teoría gramatical e o vocabulario necesarios para cada tema.

3º día: Exercicios avaliables e FAQ'S.
Incluirán textos de lectura, actividades de comprensión e expresión escrita e exercicios gramaticais.
As FAQ'S intentarán prever as dúbidas que poidas ter. Esperamos que che sexan de utilidade.

7º día: Exercicio interactivo.
É un exercicio de comprensión dunha audición. Penses ou non presentarte á Selectividade, é importante que o fagas. Unha lingua estranxeira que non se pode entender non ten moita utilidade.
Se non estás habituado/a, é normal ter dificultades ao principio. Non te desanimes e escoita a audición as veces que precises.

9º día: Exercicio para enviar ao titor/a.
Será unha redacción sobre o tema central de cada unidade. É unha oportunidade que debes aproveitar para mellorar as túas producións escritas. Tes que envialo o 14º día.

12º día: Cuestionario.
Trátase dunha proba que che permitirá valorar a túa aprendizaxe e descubrir os apartados que debes revisar. Faino o mesmo día que o recibes.

13º día: Exercicios de apoio.
Permitiranche reforzar os puntos nos que atopes maiores dificultades.

15º día: Resumo da unidade.
Será un esquema dos contidos fundamentais, sobre todo de tipo gramatical.

- **E para rematar…**

Todas as actividades terán as instrucións en francés, porque cómpre que te afagas a elas. Aínda así, nos exercicios atoparás entre parénteses a tradución galega para que non teñas dúbidas do que tes que facer en cada caso.

Bon courage!
(Moito ánimo!)